

INFORME DE INTERVENCIÓN

Número	61/2019
ASUNTO	DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, DA REGRA DE GASTO E DO LÍMITE DE DÉBEDA CON MOTIVO DA APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL PARA O ANO 2019

Margarita Fernández Sobrino, funcionaria da Administración Local con habilitación de carácter estatal, como Interventora do Concello de Ames, en cumprimento do artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento da lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás Entidades locais, así como do disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, informa o seguinte en relación co cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria do orzamento do 2019 e do límite de débeda:

1. **NORMATIVA REGULADORA DO PRINCIPIO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA NO SECTOR PÚBLICO LOCAL, de cálculo da regra de gasto e das obrigacións de subministración de información.**

- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF).
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades locais (Regulamento).
- Orde Ministerial HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na LOEPSF (OM)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, (TRLRHL) que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación ao principio de Estabilidade Orzamentaria (artigos 54.7 e 146.1).
- Manual de cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, Ministerio de Economía e Facenda.
- Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da LOEPSF para corporacións locais, 3ª edición. IGAE (novembro de 2014).
- Regulamento nº 549/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio (DOCE. 26-06-2013), que aproba o SEC 2010
- Manual do SEC 95 sobre o Déficit Público e a Débeda Pública, publicado por Eurostat.
- Regulamento 2223/1996 do Consello da Unión Europea.
- Regulamento 2516/2000, do Consello da Unión Europea

2. **CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE**

O artigo 11.4 LOEPSF establece que as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario. E así, o día sete de xullo de 2017 adóptase o acordo polo que se estableceo obxectivo de estabilidade orzamentaria para as Corporacións locais no trienio 2018-2020 o equilibrio. A

INFORME DE INTERVENCIÓN

estabilidade orzamentaria implica que os recursos correntes e de capital non financeiros deben ser suficientes para facer fronte aos gastos correntes e de capital non financeiros. A capacidade investidora municipal virá determinada polos recursos de capital non financeiros, e os recursos correntes non empregados nos gastos correntes (aforro bruto).

O cálculo da capacidade/necesidade de financiamento nos entes sometidos a orzamento obtense, segundo o manual do IGAE e como o interpreta a Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades locais, por diferenza entre os importes orzados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes relativos á valoración, imputación temporal, exclusión ou inclusión dos ingresos e gastos non financeiros.

Para os entes non sometidos a réxime orzamentario considérase desequilibrio cando, de acordo cos criterios do plan de contabilidade que lles resulte aplicable, dos seus estados provisionais se deduza que incorren en perdas cuxo saneamento requira a dotación de recursos non previstos no escenario de estabilidade da entidade das do apartado anterior á que lle toque achegalos, e deberán ser obxecto dun informe individualizado.

2.1. ENTIDADES QUE COMPOÑEN O ORZAMENTO XERAL E DELIMITACIÓN SECTORIAL DE ACORDO CO SISTEMA EUROPEO DE CONTAS NACIONAIS E REXIONAIS.

A. Axentes que constitúen a Administración Local, segundo establece o artigo 2.1 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (“Corporacións Locais” en Contabilidade Nacional):

- Entidade local Concello de Ames.
- Organismos Autónomos: Non existen
- Entes públicos dependentes que presten servizos ou produzan bens que non se financian maioritariamente con ingresos comerciais: Non existen

B. Resto de unidades, sociedades e entes dependentes das Entidades locais en virtude do artigo 2.2 da LOEPSF, entendendo o concepto ingreso comercial nos termos do sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC2010).

- Sociedade mercantil : Non existen

DESCRIPCIÓN DOS INGRESOS E GASTOS DE CONTABILIDADE NACIONAL, A SÚA EQUIVALENCIA EN TERMOS DE ORZAMENTOS, E EXPLICACIÓN DOS AXUSTES.

INFORME DE INTERVENCIÓN

(Para a realización dos axustes tívoise en conta o Manual de cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado polo IGAE, e o formulario F.1.1.B1.do documento elaborado pola Subdirección Xeral de relacións financeiras coas Entidades locais)

Con carácter xeral, a totalidade dos ingresos e gastos non financeiros orzamentarios, sen prexuízo da súa reclasificación en termos de partidas contabilidade nacional, corresponden á totalidade dos empregos e recursos que se computan na obtención da capacidade/necesidade de financiamento do subsector Corporacións Locais das Administracións Públicas da Contabilidade Nacional. As diferenzas veñen determinadas polos axustes que se describen nos apartados seguintes deste informe.

A) INGRESOS:

Axustes a realizar

1. Capítulos 1, 2 e 3 do Estado de Ingresos.

A capacidade/necesidade de financiamento das administracións públicas non pode verse afectada os importes de impostos e cotizacións sociais cuxa recadación sexa incerta, por tanto interprétase que, como para elaborar o orzamento utilízanse como referencia os dereitos recoñecidos e non os recadados en exercicios anteriores, procede facer o axuste que se describe despois sobre os ingresos dos capítulos 1 a 3.

AXUSTE: Aplicarase o criterio de caixa, (ingresos recadados durante o exercicio, de exercicios corrente e pechados de cada capítulo), tomando os datos das últimas liquidacións aprobadas 2016 e 2017 e a prevista para 2018:

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	% RECADACIÓN CORRENTES +CERRADOS SOBRE DR			% RECADACIÓN MEDIA 3 ANOS
		2.016	2.017	2.018	
1	IMPOSTOS DIRECTOS	102,08	100,49	100,02	100,86
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	96,22	110,58	88,35	98,38
3	TAXAS,PRES.PÚBL.E OUT.ING	98,56	87,78	99,78	95,37

INFORME DE INTERVENCIÓN

DESCRIPCIÓN	DRN 2016	DRN 2017	DRN 2018
IMPOSTOS DIRECTOS	7.304.511,06	7.476.330,85	7.481.221,42
IMPOSTOS INDIRECTOS	153.901,46	124.223,98	226.414,60
TAXAS,PREZ.PÚBL.E OUT.ING	5.837.908,53	6.600.745,84	6.159.296,33
TRANSFERENCIAS CORRENTES	7.482.045,86	9.089.149,25	8.584.996,65
INGRESOS PATRIMONIAIS	16.875,92	26.963,97	60.118,13
ALLEAMENTO	0,00	0,00	
TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	854.870,13	728.580,23	1.185.257,40
ACTIVOS FINANCEIROS	0,00	7.365,00	5.610,00
PASIVOS FINANCEIROS	200.934,51	411.318,78	51.143,19
	21.851.047,47	24.464.677,90	23.754.057,72

Axustes sobre os ingresos

2.2.1.- "Rexistro en contabilidade nacional de impostos, cotizacións sociais, taxas e outros ingresos".

Capítulo	Previsións iniciais 2019	% recadación (2016-2017- 2018)	Axuste (diferenza)
Impostos directos	7.769.515,99	100,86	0,00
Impostos indirectos	257.000,00	98,38	-4.163,17
Taxas e outros ingresos	6.368.026,95	95,37	-294.783,22
TOTAL	14.394.542,94		-298.946,39

Capítulo 4:

Ingresos por participación en ingresos do Estado ou tributos cedidos, segundo o réxime da Entidade.

INFORME DE INTERVENCIÓN

No o caso do Concello de Ames non procede realizar axuste algún por non atoparse pendente a devolución das liquidacións definitivas da Participación en Tributos do Estado.

Capítulo 5 de Ingresos.

AXUSTE: Os intereses rexístranse segundo o criterio do deveción. Non se realiza axuste.

Outros axustes en ingresos:

Axuste por devolucións de ingresos pendentes de aplicar a orzamento

De acordo coa vixente Instrución de contabilidade, o reflexo orzamentario das devolucións de ingreso aprobadas só se produce cando se fan efectivas, polo que, polo importe do saldo das devolucións aprobadas efectuarase un axuste minorando os ingresos correspondentes. No caso de fraccionamentos ou adiamentos, no exercicio no que se aproban corresponde un axuste negativo por menores ingresos, e nos exercicios nos que se devolve un axuste positivo. Neste caso realizase un axuste por importe de 3.000€ negativo estimando as devolucións pendentes de pago a 31.12.2018.

B) GASTOS

Axustes a realizar

Axuste por grao de execución do gasto:

A "Guía para a Determinación da Regra de Gasto (3ª edición)" establece que "o cálculo do gasto computable cando se parte do proxecto de orzamento ou do orzamento inicial, realizarase un axuste por grao de execución do gasto que reducirá ou aumentará os empregos non financeiros. Este axuste estimarase por cada Entidade local en función da experiencia acumulada de anos anteriores sobre as diferenzas entre as previsións orzamentarias e a execución real.

Si se toma como referencia o últimos dous exercicios xa que non responden a un orzamento prorrogado, considerando a execución dos créditos iniciais, descontando os gastos financeiros non agregables e os considerados valores atípicos, resulta a porcentaxe de execución de gastos non financeiros co detalle que

INFORME DE INTERVENCIÓN

se especifica a continuación, que aplicado ás previsións do orzamento de 2019 arroxa o importe de inexecución de 2.963.048,31 euros aumentar os empregos non financeiros.

Segundo o IGAE enténdese por un valor atípico, un valor moi distinto do resto, que fai que a media aritmética non sexa representativa do grupo de valores considerado. A efectos deste axuste, consideraranse valores atípicos aqueles gastos cuxa inclusión desvirtúa a media aritmética, que opera como límite da porcentaxe estimada do grao de execución do Orzamento.

Entre outros, consideraranse valores atípicos, sempre que cumpran co disposto no parágrafo anterior:

- Os gastos de natureza extraordinaria, derivados de situacións de emerxencia, acontecementos catastróficos, indemnizacións abonadas en virtude de sentenzas xudiciais e similares.
- Os gastos financiados con subvencións finalistas, procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas, dado que estes gastos non se inclúen, no cálculo do gasto computable, para a determinación da regra de gasto.
- Os gastos financiados con dereitos procedentes do alleamento de terreos e investimentos reais, recoñecidos no mesmo exercicio, dado que, no cálculo do gasto computable, considérase o investimento neto.
- Os gastos financiados a través do mecanismo extraordinario de pago a provedores.

AXUSTE POR GRADO DE EXECUCIÓN DO PRESUPOSTO (Tómase como referencia o exercicio 2017 e as estimacións do 2018)

2.017	Gastos	Créditos Iniciais Presuposto	Créditos Definitivos ao Final del Exercicio (1)	Obligacións Recoñecidas Netas (2)	INEXECUCIÓN	% EXECUCIÓN SOBRE CRÉDITOS INICIAIS
	1. Gastos de persoal	7.897.545,19 €	10.078.236,09 €	8.106.181,10 €	208.635,91 €	2,64
	2. Gastos en bens correntes e servicios	11.316.517,90 €	11.706.987,65 €	9.978.675,66 €	-1.337.842,24 €	-11,82
	3. Gastos financeiros	45.346,56 €	45.346,56 €	37.745,63 €	-7.600,93 €	-16,76
	4. Transferencias correntes	963.937,55 €	972.787,58 €	595.529,42 €	-368.408,13 €	-38,22
	5. Fondo de continxencia e Outros imprevistos	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	
	6. Inversións reais	2.328.480,68 €	5.667.904,12 €	2.298.710,44 €	-29.770,24 €	-1,28
	7. Transferencias de capital	47.877,45 €	70.699,91 €	7.877,45 €	-40.000,00 €	-83,55
		22.599.705,33 €	28.541.961,91 €	21.024.719,70 €	-1.574.985,63 €	-6,97

INFORME DE INTERVENCIÓN

2.018	Gastos	Créditos Iniciais Presuposto	Créditos Definitivos ao Final del Exercicio (1)	Obrigacións Recoñecidas Netas (2)	INEXECUCIÓN	% EXECUCIÓN SOBRE CRÉDITOS INICIAIS
	1. Gastos de persoal	8.124.481,26 €	8.195.792,86 €	7.931.715,63 €	-192.765,63 €	-2,37
	2. Gastos en bens correntes e servizos	11.121.235,63 €	11.356.709,18 €	9.462.432,74 €	-1.658.802,89 €	-14,92
	3. Gastos financeiros	1.000,00 €	1.000,00 €	133,27 €	-866,73 €	-86,67
	4. Transferencias correntes	1.143.725,08 €	1.311.221,33 €	1.047.367,25 €	-96.357,83 €	-8,42
	5. Fondo de continxencia e Outros imprevistos	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00
	6. Inversións reais	4.268.500,25 €	7.728.334,05 €	2.194.495,56 €	-2.074.004,69 €	-48,59
	7. Transferencias de capital	30.000,00 €	0,00 €	0,00 €	-30.000,00 €	0,00
		24.688.942,22 €	28.593.057,42 €	20.636.144,45 €	-4.052.797,77 €	-16,42%

2.019	Gastos	Créditos Iniciais Presuposto	% INEXECUCIÓN	AXUSTES INEXECUCIÓN
	1. Gastos de persoal	8.399.099,00	0,13	11.302,26
	2. Gastos en vienés correntes e servizos	11.692.398,79	-13,37	-1.563.137,25
	3. Gastos financeiros	1.000,00	-51,72	-517,17
	4. Transferencias correntes	1.328.084,12	-23,32	-309.709,22
	5. Fondo de continxencia e Outros imprevistos	146.527,48	0,00	0,00
	6. Inversións reais	4.415.681,91	-24,93	-1.100.986,93
	7. Transferencias de capital	0,00		-2.963.048,31

Axuste sobre o Capítulo 3.

Non se rexistran xuros.

INFORME DE INTERVENCIÓN

Axuste sobre o Capítulo 6.

As operacións de leasing implican contabilizar polo principal unha adquisición de activo non financeiro. No caso de do concello de Ames non se rexistrou na contabilidade municipal este tipo de operacións.

Axuste Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento.

Estes son os gastos recolleitos na conta 413, no seu haber polo importe dos pendentes de aplicar a 31 de decembro e, no seu debe, polos aplicados ao longo do exercicio, procedentes do exercicio anterior. Os primeiros aumentan o déficit en termos de contabilidade nacional, os segundos o minoran, pois xa o incrementaron o ano anterior e neste volven incrementalalo mediante a súa aplicación a orzamento, polo que debe compensarse esta dobre imputación aumentando o superávit. Pero este axuste como se describiu é aplicable en fase de liquidación do exercicio. Debe considerarse o disposto no Manual do IGAE de cálculo do déficit, páxinas 89 e seguintes, xa que non se trata só do gasto que se coñece como extraxudicial de crédito, senón tamén daquel que non se pode tramitar administrativamente antes de finalizar o exercicio.

Este axuste en termos de presupuestación debería recoller a previsión de saldo entre o gasto que non se poida aplicar a orzamento durante 2019 e o gasto que se imputará a 2019 procedente de 2018 ou exercicios anteriores, que a estas alturas pode determinarse de maneira bastante aproximada, polo que pode ter tanto signo positivo como negativo, aumentar ou diminuír a capacidade de financiamento.

Conta 413	2.019,00
Abonos negativos no exercicio (imputación ao orzamento: axuste positivo)	1.007.170,50
Novos abonos no exercicio (axuste negativo)	-454.278,29
Importe axuste neto	552.892,21

2.3. CÁLCULO DA CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO DERIVADO DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO PARA 2019

En virtude do establecido no artigo 16.2 do Regulamento débese informar o cumprimento do obxectivo de estabilidade do orzamento da propia entidade e dos seus organismos e entidades dependentes, dos do artigo 4.1 do Regulamento, deixando para un informe individualizado o correspondente aos entes do artigo 4.2.

INFORME DE INTERVENCIÓN

Segundo se aprecia no cadro seguinte, a diferenza entre os importes orzados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes descritos, arroxa capacidade de financiamento.

Resumo de axustes		
Concepto (Previsión de axuste a aplicar a los importes de ingresos gastos)	Importe Axuste a aplicar AL SALDO presupuestario 2019 (+/-)	Observacións
Axuste por recadación ingresos Capitulo 1	0,00	Según media últimos 3 anos
Axuste por recadación ingresos Capitulo 2	-4.163,17	Menos ingresos no ejercicio Según media últimos 3 anos
Axuste por recadación ingresos Capitulo 3	-294.783,22	Menos ingresos no ejercicio Según media últimos 3 anos
(+)Axuste por liquidación PTE - 2008		
(+)Axuste por liquidación PTE - 2009		
(+)Axuste por liquidación PTE - Outros exercicios		
Intereses		
Diferencias de cambio		
(+/-) Ajuste por grado de execución del gasto	2.963.048,31	Menos gasto no ejercicio
Inversións realizadas por Cuneta de la Corporación Local (2)		
Ingresos por Ventas de Acciones (privatizacións)		
Dividendos e Participación en beneficios		
Axustes por gastos pendentes de aplicar ao orzamento (413)	552.892,21	
Axuste por devolución de ingresos	-3.000,00	Menos ingresos no ejercicio Según media últimos 3 anos
Ingresos obtidos do presuposto da Unión Europea		
Operacións de permuta financeira (SWAPS)		
Operacións de reintegro e execución de avales		
Aportacións de Capital		
Asunción e cancelación de débedas		
Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar a presuposto		
Adquisicións con pago aprazado		
Arrendamento financeiro		
Contratos de asociación publico privada (APPs)		
Inversións realizadas po l corporación local por conta de outra Administración Publica (3)		
Prestamos		

INFORME DE INTERVENCIÓN

Otros (1) Pago aprazado espazo coworking	-368.000,00	Mais gasto no exercicio
Total de axustes ao Presupuesto da Entidade	2.845.994,13	
Entidade	Ingreso no financeiro axustado	Gasto no financeiro axustado
11-15-002-AA-000 Ames	24.979.302,53	22.686.200,61
Axustes propia Entidade	Axustes operacións internas	
-00 €	0,00	
Capacidade/Necesidade Financiación de la Corporación Local	2.293.101,92	
LA CORPORACIÓN LOCAL CUMPRE CO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE PRESUPOSTARÍA		

3. COMPROBACIÓN CUMPRIMENTO LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO

O artigo 30 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria esixe tamén ás Entidades locais a mesma obrigaón que a Unión Europea vén esixindo ao Estado, isto é, aprobar todos os anos un teito de gasto non financeiro, e verificar que cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra do gasto.

Neste sentido establece que as Entidades locais deberán aprobar un límite máximo de gasto non financeiro, coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.

Non se establece prazo para a súa aprobación, nin cal é o órgano competente para iso. Podería aprobarse, pola Alcaldía, en virtude da cláusula de competencia residual establecida no artigo 21 da Lei 7/1985, e con anterioridade á aprobación do Orzamento de 2017. Tampouco se establece na Orde Ministerial a obrigaón de remisión de información sobre o teito de gasto.

Determinación:

A) Gasto non financeiro coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria

Partindo das previsións de ingresos e gastos non financeiros para o Orzamento de 2019, obtemos os seguintes datos:

Capítulos 1 a 7 de Ingresos	25.982.791,30	Capítulos 1 a 7 de Gastos	25.281.248,92
------------------------------------	----------------------	----------------------------------	----------------------

INFORME DE INTERVENCIÓN

Axustes SEC ingresos	-298.946,39	Axustes SEC gastos	-3.147.940,52
Ingresos no financeiros Asustados	25.683.844,91	Gastos no financeiros Asustados	22.133.308,40
Superávit/déficit	3.550.536,51		

Para o cálculo do límite de gasto non financeiro, que se expresa en términos orzamentarios, engadimos o superávit así calculado aos gastos considerados:

Teito de gasto non financeiro en equilibrio:	25.683.844,91
---	----------------------

4. CUMPRIMENTO DO LÍMITE DE DÉBEDA

A LOEPSF (art. 13) establece a obrigaón de non pasar o límite de débeda pública que para as Entidades locais foi fixado no 2,7 %, 2,6% e 2,5% do PIB respectivamente para os exercicios 2018, 2019 e 2020.

Pero non se determinou o PIB para o cálculo en termos de ingresos non financeiros, polo que o informe sobre este extremo redúcese a calcular o nivel de débeda viva segundo o Protocolo do Déficit Excesivo e o nivel de débeda viva formalizada.

Por tanto, esta esixencia legal para as Entidades locais recondúcese a cumprir o réxime legal de endebedamento financeiro aplicable á Administración Local.

<i>Débeda Bancaria</i>	<i>Sistema de amortización</i>	<i>Capital inicial</i>	<i>Capital disposto a 31.12.2018</i>	<i>Capital pendente ao inicio do exercicio</i>
Operación 2018-Investmentos DUSI Impulsa-Ames	Terminos amortizativos constantes trimestrais (euribor tres meses diferencial 0,55). Un ano de carencia	222.895,50	0	222.895,50 €

INFORME DE INTERVENCIÓN

<i>Outros préstamos</i>	<i>Sistema de amortización</i>	<i>Capital Solicitado</i>	<i>Capital disposto a 31.12.2018</i>	<i>Capital pendente ao inicio do exercicio 2019</i>	
Operación Deputación Provincial de A Coruña PAI 2015	Términos amortizativos semestrais constantes, nos meses de xuño e novembro.	294.045,17	294.045,17	294.045,17	Non computa en protocolo déficit excesivo
Operación Deputación Provincial de A Coruña PAI 2016	Términos amortizativos semestrais constantes, nos meses de xuño e novembro.	381.817,61	367.569,86	381.817,61	Non computa en protocolo déficit excesivo
Operación Deputación Provincial de A Coruña POS+ 2017	Términos amortizativos semestrais constantes, nos meses de xuño e novembro.	453.355,84	96.517,92	453.355,84	Non computa en protocolo déficit excesivo
Operación Deputación Provincial de A Coruña POS+ 2018	Términos amortizativos semestrais constantes, nos meses de xuño e novembro.	499.268,58	0,00	499.268,58	Non computa en protocolo déficit excesivo
				1.628.487,20	
Novas operación proxectadas 2019					
<i>Débeda Bancaria</i>	<i>Sistema de amortización</i>	<i>Capital inicial</i>	<i>Capital pendente ao inicio do exercicio</i>		
Operación 2019-Investmentos DUSI Impulsa-Ames 2019	Terminos amortizativos constantes trimestrais (euribor tres meses diferencial que se oferte). Un ano de carencia	312.127,29	312.127,29		
<i>Outros préstamos</i>	<i>Sistema de amortización</i>	<i>Capital inicial</i>	<i>Capital pendente ao remate do exercicio</i>		
Operación Deputación Provincial de A Coruña	Términos	389.415,09	389.415,09		

INFORME DE INTERVENCIÓN

POS+2019	amortizativos semestrais constantes, nos meses de xuño e novembro.		
Compravenda local Coworking na modalidade de Pago aprazado		365.659,31	365.659,31

VOLUME DE DÉBEDA VIVA (*)	Capital pendente ao remate do exercicio
(+) Ingresos correntes previstos 1 a 5	22.833.947,61
(-) Ingresos correntes afectados o extraordinarios	70.000,00
TOTAL INGRESOS CORRENTES A CONSIDERAR:	22.763.947,61
VOLUME DE DÉBEDA VIVA 01/01/2019	
Préstamos a largo prazo bancarios	222.895,50
Préstamos Provinciais	1.628.487,20
Demuda co FFPP	0,00
Risco por operacións avaladas	0,00
DÉBEDA VIVA TOTAL A 01/01/2019	1.851.382,70
OPERACIÓN PROXECTADA	312.127,29
COMPRA PAGO APRAZADO	365.659,31
PRÉSTAMO PROVINCIAL POS +2019	389.415,09
DÉBEDA VIVA A 31/12/2019 MÁS OPERACIÓN PROXECTADA	2.918.584,39
% sobre os ingresos correntes	12,82

A entidade cumpre o límite de débeda.

INFORME DE INTERVENCIÓN

AFORRO NETO		
A.- Dereitos liquidados por operacións correntes		Orzamento 2019
<i>Impostos directos</i>		7.769.515,99
<i>Impostos indirectos</i>		257.000,00
<i>Taxas e outros ingresos</i>		6.368.026,95
<i>Transferencias correntes</i>		8.376.624,67
<i>Ingresos patrimoniais</i>		62.780,00
	Total	22.833.947,61
B.- Obrigas recoñecidas por gastos correntes.		Orzamento 2019
<i>Gastos de persoal</i>		8.399.099,00
<i>Gastos en bens correntes e servizos</i>		11.692.398,79
<i>Transferencias correntes</i>		1.328.084,12
<i>Total</i>		21.419.581,91
<i>Aforro bruto (A-B)</i>		1.414.365,70
	Anualidade teórica de amortización (ATA)	509.995,03
Aforro neto		904.370,67

5. CONCLUSIÓNS SOBRE O CUMPRIMENTO DO OBOXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E NIVEL DE DÉBEDA.

O Orzamento Xeral do exercicio 2019 cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC2010, o obxectivo de débeda pública e da regra de gasto.

6. A EFECTOS INFORMATIVOS VALORACIÓN DE CUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO

O artigo 12 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria esixe tamén ás Entidades locais que a variación de gasto non supere a taxa de referencia de crecemento do PIB, correspondendo ao Ministerio a súa determinación.

INFORME DE INTERVENCIÓN

Para as Corporacións locais cumprise a Regra do Gasto, se a variación, en termos SEC, do gasto computable de cada Corporación Local, entre dous exercicios económicos, non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española, modificado, no seu caso, no importe dos incrementos permanentes e diminucións de recadación derivados de cambios normativos.

En concreto, o 7 de xullo de 2017, o Goberno aprobou, xunto aos obxectivos de déficit público e de débeda pública para o período 2018-2020, a regra de gasto para os orzamentos do 2018, 2019 e 2020, isto é, 2,4%, 2,7% e 2,8% respectivamente.

Doutra banda, a Orde Ministerial HAP/2105/2012 que desenvolve as obrigacións de subministración de información, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, publicada no BOE o pasado día 8 de novembro, suprimiu respecto ao cumprimento da regra de gasto, o Informe de Intervención antes do 31 de xaneiro de cada ano, de avaliación de cumprimento da regra de gasto coa remisión do orzamento aprobado, e establece que deberá efectuarse unha valoración trimestral da regra de gasto en fase de execución a 31 de decembro (artigo 16.4 da Orde) e unha avaliación final do cumprimento da regra de gasto na liquidación do orzamento (artigo 15.4.e).

Inclúese neste informe unha valoración do seu cálculo para os efectos de ser tomados en consideración na execución do orzamento.

Cálculo do gasto computable

Entenderase por gasto computable para os efectos previstos no apartado anterior, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os intereses da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacións Locais vinculadas aos sistemas de financiamento.

Se a Entidade como é o caso está sometida a Orzamento Limitativo/Contabilidade Pública, o Gasto computable calcúlase como:

(+) Emplegos (gastos) non financeiros, suma dos capítulos 1 a 7 de gastos, excluídos os intereses da débeda.

Pártese das obrigacións recoñecidas en n-1 (se non está liquidado, da estimación de liquidación).

Do Capítulo 3 de gastos financeiros unicamente agregaranse os gastos de emisión, formalización, modificación e cancelación de préstamos, débedas e outras operacións financeiras, así como os gastos por execución de avais. Subconceptos (301, 311, 321, 331 e 357)

INFORME DE INTERVENCIÓN

(+/-) Axustes cálculo Empregos non financeiros segundo o SEC

Para a determinación dos axustes e o seu importe, hase de considerar o punto 1, Cálculo dos empregos non financeiros excluídos intereses para unidades sometidas a un Plan Xeral de Contabilidade Pública, da Guía para a determinación da Regra do Gasto do artigo 12 da Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para Corporacións Locais.

1. (-) Pagos por transferencias (e outras operacións internas) a outras Entidades que integran a Corporación Local.

Non procede.

(-) A parte de gasto non financeiro do Orzamento financiado con fondos finalistas procedentes de:

Unión Europea, Estado, Comunidade Autónoma, Deputacións e Outras Administracións Públicas. Exclúese no cálculo o importe dos capítulos 4 e 7 de ingresos deducidos os conceptos 420, 450, 470, 480, 720, 770, 780, para determinar os gastos financiados por administracións públicas

(-) Transferencias por fondos dos sistemas de financiamento

Non procede

(-) Deben excluírse as obrigacións recoñecidas que se correspondan con investimentos financieramente sustentables financiadas co superávit da Entidade local.

Non procede

(-) Axuste por grado de execución: Opera igual que en estabilidade.

Sobre o importe resultante aplicarase a taxa de referencia de crecemento do PIB a fixa o ministerio, e para 2019 é o 2,7%.

	2018 (estimación)	Orzamento 2019
Suma dos capítulos 1 a 7 de gastos menos xuros (2)	20.636.144,45	25.982.791,30
AXUSTES Calculo empregos non financeiros según SEC-95	963.963,44	-3.147.940,52
(-) Alleamento de terreos e demais inversións reais	0,00	

INFORME DE INTERVENCIÓN

(+/-) Inversións realizadas por conta de la Corporación Local	0,00	
(+/-) Execución de Aavales	0,00	
(+) Aportacións de capital	0,00	
(+/-) Asunción e cancelación de débedas	0,00	
(+/-) Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao presuposto	1.090.646,63	-552.892,21
(+/-) Pagos a socios privados realizados en el marco de las Asociacións público privadas	0,00	
(+/-) Adquisicións con pago aprazado	0,00	368.000,00
(+/-) Arrendamento financeiro	0,00	
(+) Préstamos	0,00	
(-) Mecanismo extraordinario de pago provedores 2012	0,00	
(-) Inversións realizadas pola Corporación local por conta de outra Administración Pública	0,00	
(+/-) Ajuste por grado de execución do gasto solo en Créditos iniciais		-2.963.048,31
(+/-) Outros (Especificar) (Investimentos financeiramente sostibles)	-126.683,19	
Empregos non financeiros terminos SEC excepto intereses da débeda	21.600.107,89	22.834.850,78
(-) Pagos por transferencias (outras operacións internas) a outras entidades que integran a Corporación Local		
(-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes de la Unión Europea o de outras Administracións públicas	-2.878.382,99	-3.690.941,44
<i>Unión Europea</i>	-13.648,80	-1.465.885,96
<i>Estado</i>	-13.900,53	-15.130,00
<i>Comunidade Autónoma</i>	-1.222.058,20	-1.016.546,53
<i>Deputacións</i>	-1.536.908,90	-1.193.378,95
<i>Outras Administracións Públicas</i>	-91.866,56	
(-) Transferencias por fondos de los sistemas de financiación (4)		
Total de Gasto computable do exercicio	18.721.724,90	19.143.909,34
% Taxa máxima crecemento permitida exercicio seguinte 2,70%	0,0270	
Límite de gasto exercicio seguinte		19.227.211,47 €
DIFERENZAS REGRA DE GASTO: Gasto computable exercicio anterior * taxa referencia crecemento - gasto computable exercicio= - CUMPRE + INCUMPRE		-83.302,14 €

INFORME DE INTERVENCIÓN

Explicación Axustes:

Axustes fondos finalistas		
Aplicación	Descrición	Importe
450.31	Convenio xestión servizo comedor escolar	90.780,00
450.62	Convenio prevención incendios	0,00
450.64	Aprol Rural	31.000,00
450.81	Servicios asistencia social	146.370,21
450.82	SAF dependentes	494.758,20
450.83	Integración poboación inmigrante	11.000,00
450.84	Voluntariado xuvenil	4.800,00
450.85	Escolas infantís municipais	84.000,00
450.86	Actividades culturais e xuvenís	1.000,00
450.87	Información orientación e búsqueda de emprego	23.000,00
450.89	Axente de desenvolvemento local	14.365,00
450.91	Iniciativas locais dirixidas a xuventude	6.000,00
450.76	Igualdade (apoio) (CIM)	39.198,00
450.93	SNL	4.539,00
450.94	Inser Ames Brión X	0,00
450.97	Funcionamento Xulgado de Paz	4.000,00
450.98	Aula CEMIT	15.000,00
450.99	Escola de Musica	6.895,62
451.01	Subvención Agadic	18.249,50
75080	Subvención AGADER Plan Mellora Camiños	21.591,00
	XUNTA DE GALICIA	1.016.546,53
461.03	Escola Música	9.500,00
461.02	Pos gasto corrente	140.000,00
461.04	Subv.Program.circuit.cult	22.479,60
461.05	Subv. normalizac. lingüís	12.000,00
461.07	Subv. animador cultural	9.000,00
461.08	Subv. animador deportivo	9.000,00
461.13	Socorrismo	6.000,00
461.16	Cinema Crianza	25.575,00
76101	POS Adicional 2018	154.148,21
76101	POS + 2019	101.790,40
76101	POS + 2019	62.565,46
76101	POS + 2019	62.442,10
76101	POS + 2019	46.465,55
76101	POS + 2019	119.909,22
76101	POS + 2019	33.832,76
76101	POS + 2019	156.265,56
76101	POS + 2019	57.163,29

INFORME DE INTERVENCIÓN

76101	POS + 2019	122.320,53
76102	POS + 2019	42.921,27
	DEPUTACIÓN PROVINCIAL	1.193.378,95
79100	EDUSI-IMPULSA AMES	1.465.885,96
	FONDOS EUROPEOS	1.465.885,96
42091	Femp cidades saudables	11.330,00
42092	Subvención Estado Violencia de Xénero	3.800,00
	ESTADO	15.130,00
	TOTAL	3.690.941,44

Os axuste por grado de execución do gasto e a conta 413 recolle o importe dos gastos pendentes a 31.12.2018 que está previsto que se apliquen ao orzamento en 2019 e a estimación do gastos pendente a 31.12.2019 tendo en conta os gastos deveñados no mes de decembro que sempre se aplican ao exercicio seguinte.

Conta 413	2.019
Abonos negativos no exercicio (imputación ao orzamento: axuste positivo)	1.007.170,50
Novos abonos no exercicio (axuste negativo)	-454.278,29
Importe axuste neto	552.892,21

CONCLUSIÓNS:

O orzamento 2019 cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria e límite de débeda, si ben obriga a un control do grao de execución do gasto que deberá verificarse xunto coa execución trimestral do orzamento, de forma que si se estima un incumprimento do grao de execución deberán adoptarse as medidas de corrección tendentes a axustar o gasto de acordo coa LOEPSF.

A interventora

Margarita Fernández Sobrino